

**A MULLER NO MUNDO
LABORAL**

5

Marta Puebla Vilariño

Funcionaria do SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal)

Índice

Capítulo 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL.....	5
Introdución.....	5
5.1. A muller na poboación galega.....	6
5.2. Muller e actividade económica de mercado.....	10
5.2.1. Introdución.....	10
5.2.2. Actividade e inactividade.....	11
5.2.3. Emprego e desemprego.....	14
5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado.....	17
5.4. Contratos de traballo.....	21
5.5. Formación.....	24
5.6. Poder e toma de decisións.....	27
5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar.....	31
5.8. Salarios.....	34
5.9. Prestacións por desemprego.....	37
5.10. Pensións.....	40

Capítulo 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL

Introdución

Na exposición de motivos da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dise: " O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais ou efectivos".

A igualdade é así mesmo un principio fundamental na UE no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostran que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Título IV da citada Lei orgánica ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contempla especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de máis de 151 e ata 250 persoas traballadoras dende 07/03/2020 e ata 07/03/2021, do 07/03/2021 e ata 06/03/2022 será obrigatorio en empresas entre 101 e 150 persoas traballadoras e dende 07/03/2022 serao para empresas de entre 50 e 100 persoas traballadoras.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e accesibilidade dos servizos para o coidado de fillas e fillos e doutras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non só en España e Europa, senón no resto do mundo. A OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado, en parte, das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego pero tamén aumenta o número de mulleres no paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, aínda que mellorou moito nos últimos anos, aínda é máis baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias coa masculina, segue sendo elevada.

As diferenzas salariais entre homes e mulleres na media da UE fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución foi mínima, non só se manteñen unhas

grandes diferenzas salariais por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducida.

Ao longo deste capítulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Máis complicado parece que desapareza o "teito de cristal" ou "chan pegañento": barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas por homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente. Así como o chamado “pacto entre homes”, polo cal se son os homes (por ocupar postos de responsabilidade) os encargados de seleccionar as persoas traballadoras é máis probable que seleccionen a un igual e polo tanto a un home.

5.1. A muller na poboación galega

Neste capítulo atenderemos o mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega.

As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co cadro 5.1.

En Galicia en 2020 por cada 100 homes hai 107,8 mulleres; o dato na Coruña é de 108,6, en Lugo de 106,5; en Ourense de 108,4 e en Pontevedra de 107,1 (todos por enriba da media española: 104,03)

Cadro 5.1

Poboación de Galicia e España. Por sexo e provincias. Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2021, período 2017-2020

	2017			2018			2019			2020		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
España	46.572.132	22.832.861	23.739.271	46.733.038	22.914.086	23.818.952	47.026.208	23.042.428	23.983.780	47.344.649	24.140.758	23.203.891
Galicia	2.672.940	1.282.772	1.390.168	2.672.940	1.282.772	1.390.168	2.699.499	1.298.964	1.400.535	2.694.245	1.296.603	1.397.643
A Coruña	1.120.294	537.311	582.983	1.119.351	536.637	582.714	1.119.596	536.470	583.126	1.119.545	536.707	582.839
Lugo	333.634	161.775	171.859	331.327	160.647	170.680	329.587	159.686	169.901	325.851	157.826	168.025
Ourense	311.680	149.689	161.991	309.293	148.426	160.867	307.651	147.522	160.129	304.910	146.326	158.584
Pontevedra	942.731	455.617	487.114	941.772	454.899	486.873	942.665	455.286	487.379	943.939	455.744	488.194

Fonte: INE, Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2021

No cadro 5.2 constatamos que no ano 2020 había na Unión Europea aproximadamente 51,1% de poboación feminina.

Cadro 5.2**Poboación España e UE. % de mulleres. 2016-2020**

	2016	2017	2018	2019	2020
EU 28	51,13	51,11	51,1	51,09	51,1
España	50,89	50,92	50,96	51	50,98


Fonte: Eurostat.

A porcentaxe de mulleres sobre a poboación total dende 1996 figura no cadro 5.3.

Cadro 5.3**Poboación e índice de femineidade 1998-2020**

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Índice de femineidade
2020	47.344.649	24.140.758	23.203.891	104,03
2019	47.026.208	23.983.780	23.042.428	104,08
2018	23.776.565	23.776.565	22.881.882	103,91
2017	46.621.153	23.739.271	22.832.861	103,97
2016	46.546.259	23.713.398	22.843.610	103,81
2015	46.577.609	23.733.999	22.890.383	103,69
2014	47.771.341	23.785.665	22.985.676	103,48
2013	47.129.783	23.933.397	23.196.386	103,18
2012	47.265.321	23.966.965	23.298.356	102,87
2011	47.190.493	23.907.306	23.283.187	102,68
2010	47.021.031	23.794.846	23.226.185	102,45
2009	46.745.807	23.628.819	23.116.988	102,21
2008	46.157.822	23.310.085	22.847.737	102,02
2007	45.200.737	22.860.775	22.339.962	102,33
2006	44.708.964	22.608.498	22.100.466	102,30
2005	44.108.530	22.327.661	21.780.869	102,51
2004	43.197.684	21.912.437	21.285.247	102,95
2003	42.717.064	21.682.738	21.034.326	103,08
2002	41.837.894	21.273.805	20.564.089	103,45
2001	41.116.842	20.951.328	20.165.514	103,90
2000	40.499.791	20.678.407	19.821.384	104,32
1999	40.202.160	20.531.518	19.670.642	104,32
1998	39.852.651	20.364.186	19.488.465	104,49

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.



A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no cadro 5.4, que pon de manifesto que:

- Os homes son maioría no grupo de idade de 0 a 15 anos e case igual en el grupo de 16 a 44 anos.

- As mulleres son maioría nos outros dos grupo de idade e a diferenza a favor das mulleres vaixe abrindo progresivamente á medida que avanzamos na idade.

A maior esperanza de vida das mulleres e a maior emigración dos homes están, sen dúbida, entre os factores explicativos.

Cadro 5.4

Poboación de Galicia. Por idade e sexo. 2017-2020

Idade	2017			2018			2019			2020		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0-15 anos	345.107	177.680	167.427	344.170	177.115	167.055	338.788	174.521	164.267	333.250	171.542	161.708
16-64 anos	1.697.293	844.152	853.141	1.684.643	837.181	847.462	1.673.836	831.135	842.661	1.666.962	827.750	839.212
65 e mais	665.939	282.560	383.379	672.930	286.313	386.617	687.685	293.715	393.970	694.033	297.310	396.723
Total	2.708.339	1.304.392	1.403.947	2.701.743	1.300.609	1.401.134	2.700.309	1.299.371	1.400.898	2.694.245	1.296.602	1.397.643

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes.

Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no cadro 5.5 que no último cuarto de século en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:

- O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).

- No ano 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e en 2008 chegouse aos 23.281 nacementos, para volver diminuír a partir dese ano.


- Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse na actualidade a 248 nenos máis que nenas en 2020.

Cadro 5.5

Nacemento segundo o sexo do/a
nado/a.1984-2020. Galicia

Ano	Homes	Mulleres
1984	15.702	14.835
1985	14.682	13.745
1986	13.517	12.661
1987	13.360	12.464
1988	12.671	11.887
1989	12.146	11.446
1990	11.552	10.949
1991	11.331	10.596
1992	11.149	10.484
1993	10.956	10.328
1994	10.113	9.570
1995	9.702	9.097
1996	9.529	9.068
1997	9.647	9.036
1998	9.621	8.917
1999	9.691	9.093
2000	10.052	9.366
2001	9.955	9.406
2002	9.987	9.340
2003	10.539	9.884
2004	10.652	9.969
2005	10.867	10.230
2006	11.075	10.317
2007	11.173	10.497
2008	12.036	11.245
2009	11.644	11.002
2010	11.443	10.507
2011	11.544	10.608
2012	10.990	10.099
2013	10.990	10.099
2014	10.316	9.427
2015	10.032	9.395
2016	9.773	9.289
2017	9.471	8.974
2018	9.265	8.702
2019	8.118	7.483
2020	7.730	7.482

Fonte: INE, Movemento natural de poboación.



No cadro 5.6 compróbase que Galicia é a una comunidade autónoma na que a porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total da poboación estranxeira supera a media estatal en máis de dos puntos.

Cadro 5.6

Poboación estranxeira. Porcentaxe de mulleres. Por comunidades autónomas. 2009-2020

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
España	43,66	47,83	47,86	48,13	48,53	48,84	49,05	49,30	49,59	49,86	49,93	49,48
Andalucía	43,31	47,86	47,92	48,16	48,64	48,64	48,93	48,90	48,95	49,21	49,50	49,53
Aragón	39,72	45,70	45,71	46,19	46,59	47,42	47,74	48,27	49,04	49,41	49,30	48,96
Asturias	44,49	50,80	50,81	50,77	51,70	51,62	52,66	52,95	53,23	53,44	53,44	53,75
Baleares	45,01	48,64	48,71	48,84	49,23	49,54	49,71	49,89	49,95	49,91	49,40	49,39
Canarias	45,89	49,25	49,26	49,41	49,53	49,66	49,77	49,91	49,93	50,16	50,50	50,55
Cantabria	42,71	49,29	49,36	49,77	40,17	50,31	50,73	51,38	51,88	52,03	51,30	52,39
Castela e León	42,79	47,59	47,64	47,84	48,51	48,90	48,90	49,89	50,31	50,76	51,00	51,09
Castela-A Mancha	39,83	45,56	45,61	45,87	46,51	47,00	47,65	48,18	48,58	48,94	49,10	49,12
Cataluña	42,02	46,46	46,49	46,86	47,34	47,65	47,86	48,08	48,45	48,71	48,71	48,24
C. Valenciana	44,48	47,68	47,70	47,80	48,10	48,40	48,58	48,81	49,25	49,52	49,60	49,71
Estremadura	43,42	47,78	47,80	48,00	48,51	48,77	49,35	49,82	50,35	50,82	51,58	51,82
Galicia	44,75	49,61	49,66	49,31	49,63	49,88	50,09	50,60	50,74	50,74	52,03	52,11
Madrid	46,59	50,30	50,31	50,86	51,20	51,52	51,73	52,14	52,42	52,67	52,80	52,72
Murcia	40,57	44,09	44,12	44,48	44,93	45,18	45,33	45,50	45,55	45,66	45,90	45,92
Navarra	42,16	46,02	46,07	46,63	47,13	47,38	47,87	48,08	48,64	49,24	49,50	49,52
País Vasco	42,88	48,58	48,58	48,55	48,97	49,32	49,35	49,54	49,63	49,96	50,20	49,87
A Rioxa	40,62	46,46	46,47	47,04	47,65	48,79	49,42	49,83	50,18	50,45	50,40	50,26
Ceuta	44,70	49,64	49,70	49,14	48,25	49,37	49,83	49,99	50,33	49,74	50,50	51,51
Melilla	42,99	46,52	46,61	46,32	46,69	48,80	49,28	49,50	50,04	50,13	50,30	51,20

Fonte: INE. Explotación estatística do Padrón.

5.2. Muller e actividade económica de mercado

5.2.1. Introducción

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica "de mercado", posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas con discapacidade etc.).

A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder paso no último cuarto de século por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no apartado anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.

Podemos complementar ese cadro co 5.7, que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación. Destacaremos que:

- A taxa de actividade maior alcánzana os homes na provincia da Pontevedra (58,8%) e a menor é a das mulleres en Ourense (43,2%)

- A provincia con menor taxa de actividade masculina, Ourense (52 %), está por enriba, en case 7 puntos porcentuais, da de Pontevedra. A que ten maior taxa de actividade feminina é A Coruña 48,8% (50,4% en 2019), seguida da Pontevedra (48,1%). A taxa máis baixa está en Ourense con 43,2% (45% en 2019).

- A taxa de actividade en Galicia no grupo de mulleres só chega ao 47,7% fronte ao 57,1% de homes, empeorando con respecto a 2019.

- A taxa máis alta de desemprego no colectivo feminino e masculino encontrámola en Pontevedra tanto no grupo de homes (12,7%) coma no de mulleres (15,7%).


- A taxa de desemprego máis baixa tanto en homes (7,5%) coma en mulleres (10,2%) é a de Lugo.

Cadro 5.7

Distribución porcentual da poboación de 16 e máis anos. Pola relación coa actividade económica. Por sexo e provincia. 2017-2020

	Taxas de actividade				Taxas de desemprego			
	2017	2018	2019	2020	2017	2018	2019	2020
Homes								
A Coruña	59,50	59,20	59,60	57,60	13,70	11,90	9,00	10,30
Lugo	56,90	55,60	56,1	55,20	11,50	7,60	7,9	7,50
Ourense	52,10	51,60	50,7	52,00	15,40	12,40	11,60	10,70
Pontevedra	58,30	58,30	58,1	58,80	17,70	14,70	12,3	12,70
Galicia	57,90	57,50	57,6	57,10	15,00	12,40	10,3	10,90
Mulleres								
A Coruña	50,50	50,80	50,40	48,70	14,70	12,60	11,70	12,20
Lugo	46,70	48,00	48,40	47,50	13,90	10,90	11,8	10,20
Ourense	44,10	44,70	45,0	43,20	17,70	15,20	14,20	12,80
Pontevedra	49,90	49,70	49,00	48,10	18,90	17,50	15,50	15,70
Galicia	49,10	49,40	49,10	47,70	16,40	14,40	13,30	13,20

Fonte: IGE-INE, EPA 25-01-2020.

**5.2.2. Actividade e inactividade**

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudo no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no cadro 5.8 as taxas de actividade de homes e mulleres en cada unha das comunidades autónomas (CC.AA.). Destacaremos que:

- A taxa de actividade feminina está en Galicia máis de 5 puntos porcentuais por baixo da media española.
- A taxa de actividade masculina en Galicia supera en máis de 8 puntos á feminina, pero está máis de 6 puntos por debaixo da media estatal para o grupo de homes.

Cadro 5.8

Taxa de actividade por sexo e comunidade autónoma. 2016-2020

	Homes					Mulleres				
	2016	2017	2018	2019	2020	2016	2017	2018	2019	2020
España	64,80	64,57	64,55	64,24	63,30	53,41	53,33	53,06	53,53	53,35
Andalucía	64,60	63,95	63,96	63,31	63,45	50,61	50,21	50,1	50,24	50,22
Aragón	65,33	64,36	64,54	65,17	63,45	53,28	52,79	53,01	53,66	53,54
Asturias	55,65	54,90	55,04	54,98	54,71	46,62	46,85	46,92	46,98	46,09
Ilas Baleares	67,56	67,63	69,87	67,88	66,15	57,54	55,65	59,06	56,93	57,49
Canarias	65,56	65,60	65,48	65,65	61,12	56,32	56,37	55,48	55,8	53,86
Cantabria	61,66	60,98	60,76	60,66	58,67	51,06	51,03	49,24	51,12	49,86
Castela-A Mancha	61,05	60,19	66,06	65,16	65,28	49,09	48,78	51,43	51,91	51,87
Castela e León	66,55	66,66	60,59	60,92	59,36	51,09	52,32	48,68	49,92	49,21
Cataluña	66,83	66,98	66,61	66,48	65,67	56,76	56,78	56,26	56,95	56,91
C. Valenciana	64,58	65,08	64,90	64,71	62,64	54,63	53,77	52,47	52,54	52,72
Extremadura	62,31	62,17	62,61	62,14	59,78	47,70	47,54	48,17	49,34	50,18
Galicia	58,40	57,56	57,52	57,58	56,91	48,75	48,79	49,38	49,06	48,07
Madrid	68,47	68,24	68,41	68,05	67,62	58,42	58,90	57,93	59,21	59,48
Murcia	66,39	66,70	66,50	66,68	66,16	51,85	52,07	52,22	52,7	51,55
Navarra	63,69	63,84	63,44	63,29	62,73	54,26	54,01	54,88	54,13	53,55
País Vasco	62,58	61,81	61,33	59,78	59,19	51,20	51,25	51,61	52,13	52,1
A Róxa	64,33	65,05	63,79	63,60	64,44	53,48	53,03	54,69	54,96	54,59
Ceuta	63,71	64,70	65,72	68,39	62,57	46,60	49,41	52,2	48,88	49,6
Melilla	71,09	70,49	70,61	63,60	72,91	48,84	50,54	54,5	52,77	58,17

Unidades: Porcentaxe.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de 2020.

Focalizando o estudo na perspectiva de xénero o cadro 5.9 pon de manifesto que:

- A principal situación de inactividade da muller galega deixa de ser "labores do fogar" (27%) e pasa ao primeiro posto "xubilación ou prexubilación" (36%).

- A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de "xubilación ou prexubilación" (co 62,2% da poboación inactiva), mentres que nas mulleres é de 36%. A pequena proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada se constitúa hoxe nun dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.

- O 16,2% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende ao 17,7% entre os homes. Esta suba con respecto a anos anteriores ten que ver probablemente coa situación provocada po la crisis, a dificultade de topar traballo leva aos rapaces e rapazas a continuar ou regresar aos estudos.

- O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores as persoas cotizantes á Seguridade Social eran en proporción moi maioritaria homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación é máis de 13 puntos maior que nos homes.

Cadro 5.9

Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2020

	Total	Estudante	Xubilación ou prexubilaci	Labores do fogar	Incapacidad e permanente	Percepción pensión distinta da xubilación (ou	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
España	100	20,8	56,6	7,0	8,9	2,6	4,1
Andalucía	100	22,9	51,5	7,4	11,0	2,7	4,5
Aragón	100	18,1	64,1	5,6	7,1	1,6	3,5
Asturias	100	14,9	64,9	3,1	8,0	2,4	6,7
Baleares	100	18,2	49,2	16,9	6,8	3,5	5,3
Canarias	100	21,1	44,6	13,8	9,7	3,9	6,9
Cantabria	100	19,1	58,1	5,7	11,2	2,1	3,8
Castela e León	100	16,5	65,7	5,2	8,1	1,5	3,1
Castela-A Mancha	100	23,9	58,4	4,5	8,4	1,6	3,2
Cataluña	100	19,1	58,8	7,0	6,8	3,8	4,5
C. Valenciana	100	21,1	55,9	6,3	10,1	2,8	3,7
Extremadura	100	19,3	57,2	5,6	9,3	4,7	3,9
Galicia	100	17,7	62,2	5,6	9,4	2,0	3,1
Madrid	100	24,1	57,1	6,2	7,4	1,7	3,6
Murcia	100	25,7	50,8	8,8	10,4	1,6	2,8
Navarra	100	23,5	57,3	5,5	8,2	2,0	3,4
País Vasco	100	19,0	59,7	6,5	10,3	1,3	3,2
A Ríoxa	100	19,2	63,5	5,2	7,7	1,6	2,8
Ceuta	100	33,1	41,8	3,6	9,5	4,6	7,4
Melilla	100	33,2	33,2	2,7	11,5	7,7	11,8
Mulleres							
España	100	16,2	26,3	33,8	6,5	15,3	1,9
Andalucía	100	16,3	20,2	38,7	6,9	16,1	1,8
Aragón	100	16,1	26,4	34,0	6,3	16,1	1,1
Asturias	100	11,6	27,1	35,1	5,6	18,1	2,5
Baleares	100	18,7	29,3	35,6	4,3	8,4	3,7
Canarias	100	18,4	19,0	37,4	6,0	15,0	4,2
Cantabria	100	15,1	24,9	33,0	7,8	16,9	2,3
Castela e León	100	13,4	25,4	36,6	7,1	16,9	0,6
Castela-A Mancha	100	17,8	15,3	42,9	6,9	15,9	1,2
Cataluña	100	14,8	33,6	29,4	4,3	16,1	1,8
C. Valenciana	100	15,9	27,4	32,7	9,3	12,4	2,3
Extremadura	100	16,8	18,9	36,2	7,7	18,6	1,8
Galicia	100	14,0	36,0	27,0	6,3	15,2	1,5
Madrid	100	18,3	28,9	30,7	5,5	14,8	1,8
Murcia	100	20,7	22,1	36,3	6,7	13,4	0,8
Navarra	100	18,6	28,9	28,2	7,8	14,3	2,1
País Vasco	100	15,5	27,5	30,3	8,2	16,3	2,1
A Ríoxa	100	15,5	27,5	32,7	8,1	14,9	1,3
Ceuta	100	20,7	8,4	49,2	7,3	12,7	1,7
Melilla	100	25,3	12,5	32,3	8,1	16,9	4,9

(1) A categoría "Outra situación" inclúe a poboación inactiva que non menciona ningunha situación de inactividade e declara estar buscando emprego ou traballar.

Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre.

A desagregación por grupos de idade do cadro 5.10 permítenos constatar que no tramo de 20-24 anos as mulleres inactivas superan aos homes inactivos en 400 (2.200 en 2019) persoas, mentres que a medida que avanzamos en idade tamén o facemos en diferenza, ata chegar a unha diferenza de 21.400 (17.800 en 2019) inactivas máis no grupo de 55 a 64 anos e a 93.700 no tramo de >65 anos.

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos, excepto no grupo de 16 a 19 anos onde atopamos a maior diferenza con 400 homes inactivos máis que mulleres, posiblemente a explicación estea en que as mulleres desas idades seguen a estudar.

Cadro 5.10

Poboación inactiva por grupo de idade, sexo e comunidade autónoma. Valores absolutos. Galicia. 2018-2020

	Total			De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 34 anos			De 35 a 44 anos			De 45 a 54 anos			De 55 a 64 anos			De 65 e máis anos		
	2018	2019	2020	2018	2019	2020	2018	2019	2020	2018	2019	2020	2018	2019	2020	2018	2019	2020	2018	2019	2020	2018	2019	2020
Homes	475,3	474,0	479,8	40,1	41,1	41,2	28,1	28,1	30,9	16,5	16,7	20,4	18,2	14,8	16,2	25,2	25,0	25,5	68,2	69,2	64,4	279,0	279,1	281,2
Mulleres	622,0	621,4	638,2	39,8	40,0	40,8	31,3	30,3	34,2	21,4	23,1	26,6	27,6	25,7	28,6	42,9	41,5	47,4	90,7	87,0	85,8	370,0	373,9	374,9
Galicia	1.097,3	1.095,4	1.118,0	79,9	81,1	82,0	59,4	58,4	65,1	37,9	39,8	47,0	45,8	40,5	44,8	68,1	66,5	72,9	158,9	156,2	150,2	649,0	653,0	656,1

Unidade: miles.
Fonte INE 4T.

5.2.3. Emprego e desemprego

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que está a traballar (poboación ocupada) como a que busca emprego activamente (poboación desempregada).



A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das CC.AA. figura no cadro 5.11; nel destacaremos, no referido a Galicia e o total español, que:

- O 84% das mulleres con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 88,4%).
- A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agrario supera o dobre da media española de mulleres, mentres que nos homes chega a dous puntos.
- A subrepresentación da muller por sectores económicos é especialmente rechamante na construción, actividade na que só chega ao 1,3% de ocupación, case iguais que a media estatal (1,2%).
- No capítulo 4 pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa estando moi por baixo da masculina.

Cadro 5.11
Distribución porcentual da poboación ocupada por sector económico,
comunidade autónoma e sexo. 2020

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía					
Homes	100,0	11,4	13,2	10,8	64,6
Mulleres	100,0	5,1	5,5	0,8	88,6
Aragón					
Homes	100,0	8,6	28,0	10,3	53,1
Mulleres	100,0	2,1	13,4	1,5	83,1
Asturias					
Homes	100,0	3,9	21,8	10,3	64,0
Mulleres	100,0	2,6	6,0	0,8	90,6
Baleares					
Homes	100,0	1,6	8,9	18,1	71,4
Mulleres	100,0	0,2	4,3	2,1	93,4
Canarias					
Homes	100,0	4,7	7,0	10,6	77,7
Mulleres	100,0	1,4	2,2	0,5	95,9
Cantabria					
Homes	100,0	3,3	24,1	15,3	57,3
Mulleres	100,0	2,3	8,1	1,5	88,0
C. León					
Homes	100,0	8,9	23,6	11,6	55,8
Mulleres	100,0	2,7	9,0	1,2	87,0
C. A Mancha					
Homes	100,0	8,8	20,5	12,2	58,6
Mulleres	100,0	2,6	8,6	1,4	87,4
Cataluña					
Homes	100,0	2,2	22,5	10,2	65,0
Mulleres	100,0	0,4	12,1	1,3	86,2
C. Valenciana					
Homes	100,0	3,8	23,5	10,3	62,3
Mulleres	100,0	0,8	10,4	1,2	87,6
Extremadura					
Homes	100,0	15,7	14,1	11,6	58,6
Mulleres	100,0	4,0	6,0	0,9	89,1
Galicia					
Homes	100,0	8,0	23,0	12,1	56,9
Mulleres	100,0	4,6	10,1	1,3	84,0
Madrid					
Homes	100,0	0,1	11,0	10,9	78,0
Mulleres	100,0	0,0	6,4	1,3	92,2
Murcia					
Homes	100,0	16,3	18,4	10,4	54,9
Mulleres	100,0	6,2	7,4	0,8	85,7
Navarra					
Homes	100,0	5,3	37,4	9,0	48,3
Mulleres	100,0	1,2	15,3	1,6	82,0
País Vasco					
Homes	100,0	1,2	31,9	9,7	57,3
Mulleres	100,0	0,7	8,7	1,1	89,6
A Ríoxa					
Homes	100,0	8,9	32,5	9,1	49,5
Mulleres	100,0	3,4	15,6	1,1	79,9
Ceuta					
Homes	100,0		5,0	4,2	90,8
Mulleres	100,0		2,6		97,4
Melilla					
Homes	100,0	0,3	1,9	6,6	91,2
Mulleres	100,0		0,8		99,2
España					
Homes	100,0	5,7	18,8	11,0	94,6
Mulleres	100,0	2,0	8,4	1,2	88,4

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, EPA 4º trimestre.



As taxas de paro en cada unha das comunidades españolas e a desagregación por sexos figuran no cadro 5.12, que mostra que:

- A taxa de paro das mulleres é máis de 2 puntos superior á dos homes en Galicia e con máis de 4 puntos de diferenza por debaixo da media española.
- As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Ceuta, Melilla, Andalucía e Extremadura.

- A taxa de desemprego feminino máis baixa tena Navarra 10,14%, País Vasco, co 10,45%, e A Rioxa 12,57%.

No grupo de homes son as mesmas CC.AA. as que teñen as taxas máis altas e máis baixas.

Cadro 5.12

Taxas de desemprego. Por sexo e comunidade autónoma. 2016-2020

	2020		2019		2018		2017		2016	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
España	13,87	17,43	12,5	15,99	13,72	17,02	14,97	18,35	17,22	20,25
Andalucía	18,82	26,53	17,84	25,22	19,76	26,94	21,63	27,85	25,70	31,38
Aragón	10,09	13,56	8,79	11,49	9,33	12,16	8,79	14,41	11,45	16,01
Asturias	13,86	14,4	13,31	15,13	12,37	14,92	13,99	15,32	14,96	14,19
Baleares	14,97	17,49	10,29	13,41	12,03	10,92	13,77	11,23	12,95	14,76
Canarias	21,45	23,94	19,3	21,85	18,90	21,42	20,02	24,32	23,45	26,55
Cantabria	11,69	12,66	9,64	11,02	9,20	12,38	13,05	13,98	12,62	13,20
C. León	10,61	13,79	10,02	13,57	13,29	24,05	11,29	16,61	13,27	16,67
C. A Mancha	13,62	22,95	12,23	21,27	10,36	14,21	15,53	25,12	18,62	26,75
Cataluña	11,91	13,42	10,59	11,51	10,95	12,09	11,85	13,49	13,91	15,89
C. Valenciana	14,33	18,37	11,79	16,86	14,00	17,46	14,77	19,07	17,49	21,02
Estremadura	18,03	26,29	16,6	27,68	19,38	29,05	21,22	30,10	24,27	33,47
Galicia	10,89	13,25	10,75	12,84	12,38	14,36	14,25	15,21	15,63	17,00
Madrid	11,57	13,45	9,81	11,47	11,62	12,85	13,00	14,53	14,15	15,08
Murcia	13,6	19,47	11,88	18,22	13,40	20,98	15,05	19,94	15,64	22,31
Navarra	9,99	10,14	7,39	9,21	9,08	11,09	7,84	11,69	9,23	10,90
País Vasco	8,68	10,45	8,89	9,43	10,09	9,84	10,52	10,63	11,95	12,64
A Rioxa	9,26	12,57	10,12	9,77	9,10	11,85	9,45	13,94	9,19	12,89
Ceuta	21,77	28,29	23,07	29,66	22,88	36,34	20,13	33,54	18,93	27,28
Melilla	20,69	27,22	22,36	32,72	21,56	31,57	20,46	30,67	21,81	35,32

Fonte: INE, EPA, media dos 4 trimestres do ano.



A desagregación por grupos de idade do desemprego de Galicia reflíctese no cadro 5.13.

Cadro 5.13

Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2018-2020

	2018		2019		2020	
	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	4.124	69.259	4.009	67.657	4.618	73.066
Mulleres	3.734	92.178	3.643	89.999	4.467	98.101
	2.018	2.018	2.019	2.019	2.020	2.020

Datos xuño 2021
Fonte: SEPE.



5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado

Demandantes son as persoas que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional...) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha prestación por desemprego, subsidio, renda activa de inserción ou calquera tipo de prestación ou axuda.

As persoas demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así se calcula por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dunha persoa dúas ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose cada demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Persoas demandantes inscritas sen dispoñibilidade
- Persoas demandantes de emprego non paradas:
 - Demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego
 - Demandantes ocupados ou con relación laboral
 - Demandantes dun emprego específico
 - Outras persoas demandantes sen emprego/non ocupadas
- Demandantes de emprego en paro
- Durante o ano 2020, debido a crise sanitaria COVID-19, dende o mes de marzo non foi obrigatoria a inscrición como demandante de emprego para acceder as prestacións de desemprego, polo que os datos de demandantes de emprego non inclúen as persoas beneficiarias de ERTE.

As demandas de emprego pendentes de demandantes en paro a decembro 2020 foron 189.587 segundo a información do SEPE. Delas, o 43,43% correspondía ao colectivo de homes (España 42,77%) e o 56,56% ao de mulleres (España 57,23%). Por tramos de idade, no grupo de mulleres son as de entre 25-29 anos as que máis demandas acumulan e igual no caso dos homes.

A posición do grupo feminino en Galicia é mellor en relación con España.

Cadro 5.14
Poboación desempregada. Por idade e sexo.
Galicia. 2020

	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	1,30	1,90	3,20
20 a 24	6,40	7,40	13,80
25 a 29	10,40	10,10	20,50
30 a 34	9,10	7,20	16,30
35 a 39	9,90	7,40	17,30
40 a 44	10,10	8,30	18,40
45 a 49	10,30	8,20	18,50
50 a 54	8,90	7,60	16,50
55 a 59	6,50	6,80	13,30
60 a 64	3,80	4,50	8,30
65 e mais	0,50	0,10	0,60
Total	77,20	69,50	146,70

Datos: Miles de persoas.

Fonte: IGE-INE, Enquisa poboación activa. Maio do 2021

Centrándonos no nivel de estudos as diferenzas non son tan apreciáveis xa que nos dous grupos é o colectivo de "estudios secundarios", o que acumula o maior número de demandas pendentes. As mulleres 55,96% e os homes 63,45%. As mulleres con educación superior teñen un peor comportamento chegando ao 30% de demandas de emprego pendentes, fronte ao 20,8% de homes.

Cadro 5.15
Número de demandantes de emprego por nivel de formación e sexo.
Galicia. 2020

	Homes	Mulleres
Analfabetos	0,1	0,1
Estudios primarios	4,5	3,8
Estudios secundaria. Primeira etapa	27,9	22,9
Estudios secundaria. Segunda etapa	16,2	20,3
Educación Superior	20,8	30,0
Total Galicia	69,5	77,2

Miles de persoas.

Fonte IGE-INE. Maio de 2021

Por grupo principal de ocupación segundo os datos do SEPE, as mulleres demandantes de emprego paradas solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras de servizos de restauración e comercio (29%)
- Traballadoras non cualificadas de servizos (17,1%)
- Traballadoras de servizos de saúde, con 10,3% demandas de emprego pendentes
- Empregadas de oficina non pública, con 9,7% demandas de emprego pendentes

No colectivo masculino a profesión máis demandada segue sendo peóns agrícolas e de construción, seguida de traballadores cualificados da construción. Estas seguen sendo profesións reservadas aos homes.

Cadro 5.16

**Demandas de emprego pendentes de demandantes en paro.
Segundo grupo principal de ocupación. Galicia. Decembro 2020**

	Homes	Mulleres
A Directores e xerentes	930	417
B Técnicos e prof. saúde e ensino	1.042	3.543
C Outros técnicos científicos e intelectuais	5.396	7.026
D Técnicos profesionais de apoio	9.639	7.535
E Empregados oficina non pública	3.476	10.449
F Empregados oficina pública	909	3.377
G Traballadores servizos restauración e comercio	8.879	31.100
H Traballadores servizos saúde	1.321	11.095
I Traballadores servizos protección e seguridade	1.666	276
J Traballadores cualificado agricultura, gandería	3.132	1.228
K Traballadores cualificado construción	11.545	160
L Traballadores cualificados industrias manufactureiras	8.820	3.099
M Operador instalacións e maquinaria	1.628	3.249
N Conductor operador maquinaria móvil	5.891	462
O Traballadores non cualificados servizos	2.975	18.360
P Peóns agricultura e construción	15.051	5.848
Q Ocupacións militares	49	14
Total	82.349	107.238

Fonte: SEPE.

En canto á sección da actividade económica hai que destacar o comercio como a máis demandada, seguida de hostalaría, actividades administrativas e servizos auxiliares e industrias manufactureiras. En España en primeiro lugar aparece o comercio, seguida da hostalaría e actividades administrativas.

Ao igual que vimos coas ocupacións máis demandadas, é a construción a sección de actividade económica onde o colectivo de homes concentra en maior medida as súas expectativas laborais, seguido de actividade de industrias manufactureiras e comercio.

Aínda que se aprecian actividades económicas igualmente demandadas por homes e mulleres, seguen existindo outras reservadas case exclusivamente ás mulleres, como actividades sanitarias e de servizos sociais, hostalaría, educación e persoal domestico.

Cadro 5.17

Poboación desempregada. Por sector económico e sexo. Galicia. 2020

	Homes	Mulleres	Total
A Agricultura e pesca	4.493	1.887	6.380
B Industria	10.338	9.295	19.633
C Construción	12.643	1.628	14.271
D Servizos	45.195	80.076	125.271
E Sen emprego anterior	5.015	9.682	14.697
Total	77.684	102.568	180.252

Fonte: IGE. Xuño 2021.

As mulleres maiores de 25 anos representan o 95,7% das demandas pendentes de demandantes en paro (92% en España) fronte ao 94,3% dos homes (88,8% en España). O 53,3% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (45,8% en homes).

Cadro 5.18

Demandas de emprego pendentes de demandantes en paro. Segundo idade e duración da demanda e sexo, por provincias. Decembro 2020

	Menores de 25 anos					Maiores de 25 anos				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes										
< 1 mes	216	67	81	239	603	2.615	804	844	3.165	7.428
De 1 a <= 6 meses	767	243	260	798	2.068	8.364	2.227	2.320	7.868	20.779
De > 6 meses a <= 1 ano	414	110	125	371	1.020	5.950	1.369	1.463	5.128	13.910
De máis de 1 ano	410	111	124	330	975	14.752	3.607	4.109	13.098	35.566
Total	1.807	531	590	1.738	4.666	31.681	8.007	8.736	29.259	77.683
Mulleres										
< 1 mes	189	59	56	231	535	2.698	726	691	3.004	7.119
De 1 a <= 6 meses	793	213	253	775	2.034	9.125	2.539	2.459	9.153	23.276
De > 6 meses a <= 1 ano	410	107	144	379	1.040	7.079	1.702	1.924	6.813	17.518
De máis de 1 ano	417	133	135	277	962	22.112	4.911	6.230	21.501	54.754
Total	1.809	512	588	1.662	4.571	41.014	9.878	11.304	40.471	102.667
Total	3.616	1.043	1.178	3.400	9.237	72.695	17.885	20.040	69.730	180.350

Fonte: IGE.

Para finalizar, faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. As baixas por colocación representan o 55,8% no grupo de mulleres, fronte ao 52,4% no dos homes, sendo este o primeiro ano onde as baixas por colocación das mulleres superan en porcentaxe as dos homes.

Cadro 5.19

Baixas de demandas de emprego. Segundo causa da baixa. Por sexo e por provincias. Decembro. 2020

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes					
Por colocación	49.716	13.423	13.235	54.790	131.164
Con oferta previa	480	298	314	703	1.795
Sen oferta previa	18.236	4.720	4.821	19.520	47.297
Outras colocacións	31.000	8.405	8.100	34.567	82.072
Non renovación	3.290	934	1.051	3.980	9.255
Outras causas	44.087	9.102	11.336	45.406	109.931
Total	146.809	36.882	38.857	158.966	381.514
Mulleres					
Por colocación	55.852	16.171	14.560	58.419	145.002
Con oferta previa	615	252	214	560	1.641
Sen oferta previa	17.881	4.869	4.727	17.549	45.026
Outras colocacións	37.356	11.050	9.619	40.310	98.335
Non renovación	3.816	1.084	1.149	4.162	10.211
Outras causas	42.204	10.364	10.042	41.911	104.521
Total	157.724	43.790	40.311	162.911	404.736

Fonte: IGE.

5.4. Contratos de traballo

No capítulo 7, dedicado á contratación, móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2020 a contratación feminina supuxo o 46,96% do total da contratación empeorando lixeiramente con respecto ao ano 2019, tanto de contratos iniciais, coma de conversión en indefinidos, e adscricións en colaboración social. Se o desagregamos, os contratos iniciais supuxeron o 47% e as conversións o 44,8% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

Se facemos unha análise por nivel de formación, observamos que a contratación feminina é inferior á masculina en todos os niveis agás no de estudos superiores, chegando ao 55,8%.

Cadro 5.20

Contratos rexistrados segundo xénero e modalidade do contrato do nivel de formación. Galicia. 2017-2020

	2017		2018		2019		2020	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
TOTAL CONTRATOS								
Total contratos rexistrados	486.835	534.127	517.748	567.378	519.671	566.450	351.886	397.331
Total contratos iniciais	471.580	516.000	498.334	540.691	500.232	542.703	337.223	379.290
Conversións a indefinidos			19.414	23.687	19.439	23.747		
ANALFABETOS								
Total contratos rexistrados	12.592	22.619	12.252	22.305	12.470	23.262	8.540	15.911
Total contratos iniciais	12.190	22.133	11.770	21.720	12.082	22.790	8.309	15.549
Conversións a indefinidos			482	585	388	472		
ESTUDOS PRIMARIOS								
Total contratos rexistrados	100.277	135.691	112.883	140.720	118.194	141.071	77.061	98.743
Total contratos iniciais	97.120	131.132	106.818	134.689	113.978	134.671	73.914	93.974
Conversións a indefinidos			4.065	6.031	4.216	6.400		
ESTUDOS SECUNDARIOS								
Total contratos rexistrados	293.745	321.549	308.814	342.742	303.425	340.552	202.574	232.820
Total contratos iniciais	285.349	311.219	298.020	329.089	292.994	327.271	194.848	222.791
Conversións a indefinidos			10.794	13.653	10.431	13.281		
ESTUDOS SUPERIORES								
Total contratos rexistrados	79.222	54.211	82.800	58.557	84.599	61.524	62.956	49.813
Total contratos iniciais	75.922	51.459	78.727	55.139	80.195	57.930	59.397	46.932
Conversións a indefinidos			4.073	3.418	4.404	3.594		
SEN CLASIFICAR								
Total contratos rexistrados	999	57	999	54	983	41	755	44
Total contratos iniciais	999	57	999	54	983	41	755	44
Conversións a indefinidos			0	0	0	0		

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que son maioritariamente no sector servizos.



Segundo o seguinte cadro o 82,6% (86,7% en 2019) das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos, diminuindo con respecto ao ano anterior. O segundo sector de importancia é a industria, onde traballa o 15% (11,5% en 2019) e a agricultura co 1,7% (1,2% en 2019). Na construción a representación feminina é moi escasa, non alcanza o 1%.

Cadro 5.21

Contratos rexistrados nos catro grandes sectores de actividades económicas (clasificación CNAE 2009), por sexo. Galicia. 2019-2020

	Mulleres		Homes	
	2019	2020	2019	2020
Agricultura	6.516	6.196	27.568	24.741
Industria	59.799	52.907	94.375	83.733
Construción	2.567	2.138	42.722	33.930
Servizos	450.789	290.645	401.785	254.927
Total	519.671	351.886	566.450	397.331

Fonte: IGE



O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 53% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, as actividades de comercio e hostalaría concentran o maior número de mulleres traballadoras do total do sector servizos.

Cadro 5.22

Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2019-2020

	2019			2020		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura e pesca	6.516	27.568	34.084	6.011	23.710	29.721
B Industrias extractivas	40	664	704	17	488	505
C Industrias manufactureiras	58.240	89.525	147.765	49.971	75.614	125.585
D Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	91	245	336	97	149	246
E Subministración de auga, saneamento, residuos descontaminación	1.428	3.941	5.369	1.131	3.437	4.568
F Construción	2.567	42.722	45.289	1.834	31.110	32.944
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor	72.455	48.211	120.666	49.513	35.589	85.102
H Transporte e almacenamento	21.199	87.116	108.315	20.537	77.238	97.775
I Hostalaría	142.144	114.004	256.148	58.773	41.962	100.735
J Información e comunicacións	8.379	13.723	22.102	7.616	11.094	18.710
K Actividades financeiras e de seguros	3.320	1.664	4.984	2.302	1.083	3.385
L Actividades inmobiliarias	714	360	1.074	441	262	1.074
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	17.005	14.101	31.106	9.615	7.975	17.590
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	47.576	36.137	83.713	33.329	23.725	57.054
O Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	14.732	8.749	23.481	12.718	7.726	20.444
P Educación	23.616	12.127	35.743	15.286	8.372	23.658
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	45.856	8.496	54.352	37.422	6.773	44.195
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	30.124	50.118	80.242	12.535	18.188	30.723
S Outros servizos	14.019	6.516	20.535	7.999	4.276	12.275
T Actividades dos fogares e uso propio	9.553	393	9.946	10.021	471	10.492
U Organismos xtrateritoriais	97	70	167	56	47	103
Total	519.671	566.450	1.086.121	337.224	379.289	716.884

Fonte: SEPE

De acordo a información do SEPE, a distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de dirección de empresas, só o 30% fronte ao 70% de homes, as porcentaxes de mulleres aumentan en técnicas e profesionais de saúde e do ensino (77,8%) e traballadoras de servizos de saúde e coidado de persoas (86,7%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e, polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con gran representación feminina é o das empregadas en servizos de restauración e comercio (75%) do total das persoas contratadas.

Entre as persoas traballadoras cualificadas da construción a presenza da muller é moi escasa (2%) e no grupo de persoas traballadoras cualificadas de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación, existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.
- Un grupo minoritario que, grazas á obtención dun título universitario, ocupa postos técnicos e profesionais en saúde e ensino e outros técnicos científicos e intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos de obra e servizo e eventuais por circunstancias de produción.

A contratación segundo modalidade e sexo pódense consultar nos cadros do capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacan os de interinidade 72,3% (71,5% en 2019) e os que se realizan a tempo parcial, tanto indefinidos coma temporais.

Este ano o contrato para a formación realizado a mulleres (47,2%) no supera os concertados con homes, descendendo respecto de anos anteriores, e o de prácticas baixa de novo e chega ao 45,7% despois de varios anos de superioridade feminina.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa coma parcial, alcanzan no colectivo feminino o 91,1% da contratación a mulleres, igualándose case ao colectivo masculino que chega ao 90,7%.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa coma parcial, supuxeron o 4,7% nas mulleres nos dous anos e o 4,8% nos homes e as conversións en indefinidos distáncianse do grupo de homes chegando ao 45% para o colectivo feminino.


Mantense a tendencia dos últimos anos, onde a contratación feminina está caracterizada por un maior uso do contrato a tempo parcial 63,5%, fronte ao 36,5% no grupo de homes.

Cadro 5.23

Tipoloxía contractual por sexo. 2018-2020

	2018		2019		2020	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Indefinido (bonif./ non bonif.)	24.517	30.240	21.184	25.460	16.543	19.079
Obra ou servizo	138.753	203.569	133.938	201.027	100.123	147.371
Eventual circunstancias produción	258.178	267.360	271.300	278.678	164.690	187.074
Interinidade	67.065	25.513	66.452	26.492	51.947	19.939
Prácticas	2.970	3.311	2.427	2.629	1.471	1.747
Formación	1.906	1.704	1.309	1.165	608	681
Outros	4.945	8.994	3.622	7.222	1.841	3.399
Conversión a indefinidos	19.414	23.687	19.439	23.747	14.663	18.041
Total	517.748	564.378	519.671	566.420	351.886	397.331

Fonte: SEPE.



5.5. Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regradada. Dentro da formación regradada centrarémonos nos ciclos formativos de grao superior, bacharelato e titulacións universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao superior observamos que o 45% eran mulleres, porcentaxe inferior á dos homes seguindo a tendencia dos últimos anos.

O alumnado matriculado en bacharelato, segundo o IGE, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 53,4%, máis de 6 puntos sobre a media masculina do 46,6%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.


Cadro 5.24

Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior, por sexo. Galicia. Cursos 2018/2020

Galicia	2020			2019			2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	18.061	9.987	8.074	17.437	9.558	7.879	17.352	9.587	7.765

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.




Cadro 5.25

Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Galicia. Cursos 2018/2020

Galicia	2020			2019			2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	31.390	14.604	16.786	30.502	14.203	16.299	30.776	14.431	16.345

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



O abandono educativo temperán das persoas que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación é sensiblemente superior nos homes,

superando en máis de 7 puntos as mulleres, 8 puntos en 2019. Tal vez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.


Cadro 5.26

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia. 2010-2020

	Total	Homes	Mulleres
2010	23,1	27,8	18,3
2011	20,8	25,5	15,8
2012	23,1	27,1	18,8
2013	20,4	25,0	15,4
2014	18,5	21,7	15,2
2015	17,0	21,9	11,9
2016	15,2	19,1	11,2
2017	14,9	17,9	11,8
2018	14,3	17,0	11,4
2019	12,60	16,70	8,20
2020	12,0	15,5	8,2

Unidades: porcentaxes.

Fonte: IGE-INE, Enquisa de poboación activa.



Segundo o IGE, no ensino universitario en Galicia para o curso 2019, último dispoñible, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 55,2%.

A porcentaxe media do 55% varía moito segundo a especialidade elixida:

As especialidades nas que é significativamente maior o número de mulleres son:

- Ciencias da saúde
- Arte e humanidades
- Ciencias sociais e xurídicas

As especialidades con máis baixa representación feminina son as de enxeñaría e arquitectura.

Como pode observarse, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

Cadro 5.27

Alumnado matriculado en ensino universitario, Segundo rama de coñecemento e sexo. Galicia. Curso 2019

	Total	Mulleres	% de mulleres
Total	61.029	33.680	55,2
Ciencias da saúde	10.629	7.726	72,7
Ciencias	5.572	2.882	51,7
Ciencias Sociais e Xurídicas	26.304	15.763	59,9
Enxeñaría e arquitectura	12.560	3.325	26,5
Artes e humanidades	5.964	3.984	66,8

Unidades: nº de alumnos/as

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios no ano 2020, últimos datos dispoñibles, o 60,9% son mulleres.

É de destacar que se ben o 55,2% das persoas matriculadas eran mulleres, do total das que finalizaron os seus estudos o colectivo feminino supuxo o 60,3%, fronte ao 39,7% de homes.

Cadro 5.28

Estudantes con titulación nas universidades galegas por sexo. Galicia. Curso 2019-2020

	Total	Mulleres	% de Mulleres
Titulados/as universitarios	11.132	6.779	60,90

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5.6. Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o equilibrio e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

En 2020 a representatividade que teñen as mulleres nos altos cargos da Administración do Estado chegou ao 43,5%, aumentando os niveis de anos anteriores e chegando as recomendacións do 40%, incluídas as subsecretarías e secretarías xerais técnicas onde en anos anteriores so se chegaba ao 38%.

Cadro 5.29

Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado en porcentaxe de mulleres. 2016-2020

	2020	2019	2018	2017	2016
Total ambos os sexos	250,00	202,00	204,00		
Presidencia do Goberno, vicepresidencias e ministerios	47,83	58,80	61,10	35,70	27,30
Secretarías de Estado	46,15	44,00	43,50	29,20	25,00
Subsecretarías e secretarías xerais	40,79	38,30	39,70	30,20	36,50
Direccións xerais e secretarías xerais técnicas	43,75	42,50	39,00	27,90	27,40
Total en porcentaxe %	43,52	42,80	41,20	29,21	29,41

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Función Pública.

Outra mostra do papel da muller no poder e toma de decisións é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 1982, pasando de cero ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77% e en 2018 prodúcese un aumento e chega ata o 61,11%. No 2019 continúa a mesma tendencia chegando a 62,5% en novembro de 2019, pero en 2020 prodúcese un retroceso quedando en 47,8%,

Cadro 5.30

Mulleres no Goberno en %

	Xaneiro 2011	XIV lexislatura	XIII lexislatura	2018 (xuño)	2018 (marzo)	2016	2015	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003(1)	2003	2002	2000
Partido no Goberno	PSOE	PSOE 2020	PSOE 2019	PSOE	PP	PP	PP	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PP	PP	PP	PP
Ambos os sexos	23	18	16	18	14	14	14	13	15	17	17	16	16	16	16	16	16	16	17
% de mulleres	47,83	44,44	62,5	61,11	35,71	35,71	28,47	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50	31,25	25	18,75	17,65

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir dos datos publicados na web do Goberno de España.

A representación da muller nos Parlamentos autonómicos alcanzou en 2020 unha media do 46,34%.

En 2020 a maior presenza feminina dáse en Galicia cun 53,33% e en Navarra cun 52% e a menor en Melilla e Ceuta co 40,%.

En Galicia a representación dáse un incremento, aumentando de 8 puntos sobre o ano anterior (45,33% en 2019).

Cadro 5.31

Porcentaxe de mulleres nos Parlamentos autonómicos. 2010-2020

	2010	2011	2012	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total	42,2	43,1	43,2	44,6	45,1	45,43	45,43	46,19	46,34
Andalucía	45,9	45,9	47,7	49,5	49,5	49,54	49,54	49,54	45,87
Aragón	35,8	32,8	32,8	47,8	47,8	47,76	47,76	47,76	49,25
Asturias	33,3	42,2	42,2	48,9	48,9	48,89	48,89	47,83	44,44
Baleares	49,2	45,8	45,8	47,5	47,5	47,46	47,46	47,46	47,46
Canarias	40,0	36,7	36,7	53,3	53,33	53,33	53,33	44,29	44,29
Cantabria	40,5	43,6	43,6	38,9	38,9	38,89	38,89	40,54	42,86
Castela e León	43,4	66,7	66,7	41,7	41,7	41,67	41,67	43,21	43,21
Castela-A Mancha	53,2	46,9	46,9	42,4	42,4	42,42	42,42	45,45	42,42
Cataluña	41,5	41,5	40,0	40,0	39,3	42,54	42,45	42,54	42,96
C. Valenciana	45,5	40,4	40,4	44,4	44,4	44,44	44,44	47,47	48,48
Estremadura	40,0	40,0	40,0	47,7	47,7	47,69	47,69	44,62	43,08
Galicia	40,0	40,0	40,0	40,0	45,3	45,33	45,33	45,33	53,33
Madrid	42,5	44,2	44,2	42,6	42,6	42,64	42,64	46,21	46,21
Murcia	39,1	40,0	40,0	35,6	35,6	35,56	35,56	44,44	48,89
Navarra	38,0	34,0	34,0	48,0	48,0	48,00	48,00	50,00	52,00
País Vasco	45,3	39,4	49,3	49,3	53,3	53,33	53,33	53,33	50,67
A Ríoxa	39,4	45,3	39,4	45,5	45,5	45,45	45,45	48,48	48,48
Ceuta	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	40,00	40,00	44,44	40,00
Melilla	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	40,00	40,00	40,00	40,00

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir das páxinas web dos Parlamentos autonómicos.

A participación das mulleres na vida política e económica tampouco é moi superior, co 29,5% de ministras e o 22,1% de membros da Xunta do Banco Central Europeo.

Cuadro 5.32

Índices da igualdade de xénero. 2020

	Mulleres	Homes
Política		
% titulares de ministerios	29,50	70,50
% membros do Parlamento	30,30	69,70
Economía		
% participación en xuntas directivas de empresas cotizadas	26,60	73,40
% de membros do Banco Central Europeo	22,10	77,90

Fonte: Instituto Europeo da Igualdade de Xénero.

O cadro 5.33 sobre a participación da muller nos Parlamentos dos países membros da Unión Europea pon de manifesto en 2020 que non se chega ao mínimo do 40% a nivel total, existindo grandes diferenzas segundo os países. Os mellores datos temos Suecia (47,9%) e Finlandia (46%) e os peores Hungría e Malta con 12,1%.

En España en 2020 a representación da muller no Parlamento alcanzou o 43,7%, por encima da media.

Cadro 5.33

**Mulleres nos parlamentos nacionais
dos países europeos. 2020**

	Total escanos	% mulleres
UE-28	7196	32,70
Alemaña	710	31,50
Austria	183	39,30
Bélxica	150	41,30
Bulgaria	240	27,10
Chipre	55	20,00
Croacia	151	31,10
Dinamarca	179	39,70
Eslovaquia	150	22,70
Eslovenia	90	26,70
España	350	43,70
Estonia	101	28,70
Finlandia	200	46,00
Francia	571	41,20
Grecia	300	21,70
Hungria	198	12,10
Irlanda	160	22,50
Italia	630	35,90
Letonia	100	31,00
Lituania	140	24,30
Luxemburgo	60	31,70
Malta	66	12,10
Países Baixos	150	32,70
Polonia	505	28,10
Portugal	230	40,00
República Checa	200	23,00
Reino Unido	650	33,80
Romanía	328	22,00
Suecia	349	47,90

Fonte: Instituto Europeo da Igualdade de Xénero.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA, pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información, datos de 2019 últimos dispoñibles, do Boletín estatístico do persoal ao servizo das Administracións públicas do rexistro central de persoal do Ministerio de Política Territorial e Función Pública aínda que a porcentaxe de funcionarias (52,4%) é superior á de funcionarios, a medida que ascendemos no complemento de destino o número de mulleres diminúe, ata chegar ao nivel 30 onde só hai un representación feminina do 42,22% (40,11% en 2018) e ao nivel 29 cun 42,94% (45,33 % en 2018).

Ao ir descendendo de nivel as porcentaxes vanse igualando e segue incrementándose a presenza feminina en niveis máis baixos como o nivel 14 (60,42%), o 16 (59,75%) ou o 18 (62,53%).

Nos organismos internacionais o papel da muller tampouco é moi destacado, cun 17,95% nos postos de embaixadora.

A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo menor que a dos homes, pero vanse acortando distancias.


En 2020 a participación máis baixa obsérvase no Consello Económico e Social (24,5%). Mellora no Consello de Estado (42,4%) (33,3% en 2019), no Tribunal de Contas 46,5% (41,7% en 2019) e na Xunta Electoral Central cun 40%.

Cadro 5.34

**Representación de mulleres en diversos órganos constitucionais.
España. 2020**

Total	Ambos sexos % de Mulleres	
	144	34,7
Consello de Estado	33	42,42
Consello Xeral do Poder Xudicial	21	420,86
Tribunal de Contas	13	46,15
Defensor/a do Pobo	1	0,00
Xunta Electoral Central	15	40,00
Consello Económico e Social	61	24,59

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller a partir de datos publicados en páxinas web. Novembro 2020.



A participación feminina na carreira xudicial no ano 2017, últimos dispoñibles, é do 60,09%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial a porcentaxe diminúe.

En categorías de xudicatura a participación é maioritariamente feminina (64,53%), pero só alcanza o 14,12% no caso de maxistradas do Tribunal Supremo.

5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres: a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para

atender a nenas e nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

O cadro 5.35, do ano 2020, móstranos a nivel de toda España que o 80,4,% das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 76,6%, mellorando sobre anos anteriores.

Cadro 5.35
Excedencia por coidados familiares. Galicia /España. 2019-2020

	Ambos os sexos		Mulleres	
	2019	2020	2019	2020
Galicia	355	364	270	279
España	12.058	11.497	9.798	9.239


Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O cadro 5.36 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos e fillas, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas (81,35% en 2020), fronte ao 18,65% de monoparentais masculinas.

Cadro 5.36
**Núcleos familiares monoparentais
por sexo en miles. 2015-2020**

	Ambos os sexos	Porcentaxe monoparentais femininos
2020	1.944,80	81,35
2019	1.887,50	81,09
2018	1.878,50	81,88
2017	1.842,40	83,04
2016	1.964,90	80,98
2015	1.897,40	81,25

Fonte: Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.



As excedencias por coidado de fillas e fillos en Galicia correspondentes a 2020 móstrannos que nese ano o 88,3% das excedencias eran solicitadas por mulleres e o

11,7% de homes. A tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes. Nese ano en España o 88,9% destas excedencias concedéronse a mulleres.

Cadro 5.37

Excedencias por coidado de fillas/os. Galicia/España. 2011-2020

	España		Galicia	
	Total	% nais	Total	% nais
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22
2013	28.038	94,50	537	94,23
2014	31.435	94,02	556	92,63
2015	36.195	93,33	683	90,92
2016	40.517	92,63	910	91,65
2017	43.899	92,34	935	92,30
2018	45.249	91,28	1066	90,15
2019	47.388	90,93	1154	91,85
2020	43.226	88,99	1216	88,32

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre "Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial" do Instituto das mulleres sobre datos da EPA.

Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, parece significativo que do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 93,9% en 2020, e 94% en 2019 sexan mulleres e o 94,7% en 2020 e o 90,7% en 2019 do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que sexan mulleres o 72,64% en 2020 e o 72,3% en 2020 das persoas que non puideron encontrar traballo a xornada completa, empeorando sobre anos anteriores, e que tamén o sexan o 79,8% en 2020 das que non queren traballar a xornada completa, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles. O dato alentador é a leve baixada do número de mulleres nesta situación.

Cadro 5.38

Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España. 2016-2020

	2016	2017	2018	2019	2020
Ambos sexos	2.833,0	2805,4	2894,8	2944,8	2799,1
Total					
Seguir cursos de ensinanza ou formación	163,7	205,1	227,8	264,9	196,2
Enfermidade ou incapacidade propia	32,7	32,4	38,4	41,3	41,2
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	260,4	281,7	343,2	306,8	293,1
Outras obrigas familiares ou persoais	143,7	142,2	165,9	193,5	150,2
Non poder encontrar traballo de xornada completa	1.714,9	1607,3	1527,1	1501,8	1494,8
Non querer traballo de xornada completa	235,6	233,8	272,4	308,5	268,0
Outros motivos	275,0	294,7	0	318,9	347,1
Non sabe o motivo	7,0	8,1	11,9	9,2	8,7
% mulleres	72,61	73,86	74,59	74,13	74,37
Total					
Seguir cursos de ensinanza ou formación	52,84	59,19	58,17	57,49	56,37
Enfermidade ou incapacidade propia	55,96	74,07	69,53	62,95	70,39
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	96,04	95,21	95,22	93,97	93,93
Outras obrigas familiares ou persoais	90,68	92,05	93,73	90,7	94,67
Non poder encontrar traballo de xornada completa	69,92	71,14	71,51	72,29	72,64
Non querer traballo de xornada completa	78,82	82,81	81,5	81,65	79,78
Outros motivos	66,15	62,95	63,44	61,68	63,44
Non sabe o motivo	72,86	62,96	70,59	69,57	55,17

Unidade: Miles de persoas. 2020.

Fonte: INE, Enquisa de poboación activa.

5.8. Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019" reflicte que as mulleres galegas percibiron un salario medio anual de 17.511 euros fronte aos 22.038 dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 20,5% menos que os homes polo traballo realizado (21,4% en 2018).

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 17.927 euros (2019), fronte aos 22.875 dos homes, percibindo o colectivo feminino un 21,6% menos que os homes.

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal (17.927 euros) e que a media no conxunto do Estado de 20.566 euros.

A evolución é lenta dende o ano 2000, chegando ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero dende o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantéñense en valores similares nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. En 2014 vólvese producir unha pequena redución nas diferenzas salariais que permanecen en 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019.

Cadro 5.39

Poboación asalariada por comunidades autónomas e sexo. 2018-2019

	2019				2018			
	Total		Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%(*)	Salario medio anual	Salario medio anual	Salario medio anual	%(*)	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	16.510	78,41	14.429	18.402	15.668	76,86	13.461	17.514
Aragón	20.736	76,46	17.786	23.261	19.973	75,20	16.959	22.553
Asturias	21.311	74,64	18.091	24.238	20.650	73,60	17.377	23.611
Baleares	19.834	84,47	18.104	21.432	19.153	83,83	17.409	20.767
Canarias	17.701	87,36	16.455	18.836	17.022	86,50	15.733	18.188
Cantabria	20.078	76,64	17.295	22.567	19.890	74,83	16.851	22.518
Castela-A Mancha	18.176	79,94	15.916	19.911	17.365	79,37	15.135	19.068
Castela e León	19.811	78,18	17.244	22.057	19.288	77,58	16.694	21.518
Cataluña	23.122	77,77	20.111	25.860	22.373	77,10	19.357	25.107
Comunidade Valenciana	18.953	78,50	16.515	21.038	18.232	78,14	15.837	20.268
Extremadura	15.476	83,44	13.968	16.740	14.651	83,19	13.196	15.862
Galicia	19.879	79,46	17.511	22.038	19.159	78,56	16.755	21.327
C. de Madrid	26.721	74,53	22.685	30.439	25.904	74,07	21.906	29.573
Murcia	17.460	79,24	15.225	19.214	16.828	78,91	14.626	18.534
A Ríoxa	19.580	78,81	17.147	21.757	19.747	76,86	16.980	22.091
Ceuta	23.246	76,97	19.734	25.639	22.287	73,86	18.445	24.972
Melilla	21.666	82,02	19.177	23.381	20.972	80,44	18.338	22.797
Total	20.566	78,37	17.927	22.875	19.809	77,76	17.180	22.095

(*) Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019.

No cadro 5.40 apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na ramas de entidades financeiras e aseguradoras cun 27,6% menos e na servizos a empresas, onde a muller gaña un 27,6% menos que o home.

As menores diferenzas encontrámolos en construción e servizos inmobiliarios, onde a muller percibe o 88,8% do salario masculino, probablemente porque as poucas mulleres que traballan neste sector fano como tituladas superiores, e en servizos sociais con 83,2%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida porque a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos e fillas ou de persoas dependentes.

Cadro 5.40

Salarios medios por sector de actividade económica e sexo. Galicia/España. 2019

	España		Galicia		
	Homes	Mulleres	Mulleres	Homes	% (*)
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	9.329	5.905	12.636	16.606	76,09
Industria extractiva, enerxía e auga	30.620	24.680	23.490	30.247	77,66
Industria	26.611	20.250	18.165	24.535	74,04
Construción e servizos inmobiliarios	19.396	18.439	17.380	19.565	88,83
Comercio, reparacións e transporte	22.003	15.533	15.696	21.381	73,41
Información e comunicacións	34.614	26.934	21.224	27.300	77,74
Entidades financeiras e aseguradoras	52.184	35.823	29.594	40.858	72,43
Servizo ás empresas	21.671	15.255	13.311	18.376	72,44
Servizos sociais	28.799	23.331	23.576	28.342	83,18
Outros servizos persoais e de ocio	13.618	9.866	8.733	11.750	74,32

(*) Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.

Fonte: Elaboración propia con datos do Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019.

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria observamos que en 2019 o 20,8% tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% do salario mínimo interprofesional (SMI) e o 20,8% tivéronos entre o 50% e o 100%. Isto supón que o 41,6% das mulleres tiveron en 2019 ingresos non superiores ao SMI. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 15% e con salarios entre o 50% e o 100% foron o 13%, mellores datos que no grupo de mulleres.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos. So 393 mulleres tiveron salarios 10 veces superiores ao SMI, fronte a 1.764 homes.

Cadro 5.41

Poboación asalariada por tramos de salario e sexo. Galicia/España. 2018-2019

	2018				2019			
	Galicia		España		Galicia		España	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	77.733	95.090	1.711.680	1.981.631	83.064	104.569	1.836.070	2.150.851
De 0,5 a 1 SMI	57.869	82.909	1.201.293	1.426.762	71.328	104.656	1.455.919	1.769.051
De 1 a 1,5 SMI	78.626	102.235	1.420.265	1.525.697	131.378	123.046	2.077.857	1.831.515
De 1,5 a 2 SMI	116.410	75.666	1.697.017	1.198.217	107.141	65.258	1.674.099	1.099.489
De 2 a 2,5 SMI	71.514	44.877	1.154.374	780.585	52.120	34.636	944.243	675.427
De 2,5 a 3 SMI	42.271	27.661	746.183	525.567	39.464	28.894	712.532	526.632
De 3 a 3,5 SMI	33.846	23.814	601.036	437.723	23.267	18.324	487.149	346.460
De 3,5 a 4 SMI	20.814	16.099	433.035	308.676	14.408	9.579	302.746	189.836
De 4 a 4,5 SMI	13.960	10.361	297.379	199.156	8.714	4.424	190.827	104.763
De 4,5 a 5 SMI	9.346	4.754	196.762	111.502	5.872	3.188	133.840	72.218
De 5 a 7,5 SMI	19.506	9.969	432.367	223.192	11.646	6.041	277.859	136.994
De 7,5 a 10 SMI	4.835	1.759	119.497	46.279	2.399	710	67.035	22.051
Máis de 10 SMI	2.938	657	91.429	22.211	1.764	393	58.745	13.559
Total	549.668	495.851	10.102.317	8.787.198	552.565	503.718	10.218.921	8.938.846

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019.

A Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2019 do INE, última dispoñible, confirma os datos anteriores.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2019 do colectivo feminino foi de 19.818,26 euros algo maior que na Enquisa de estrutura salarial de 2017 (18.833,53 euros). Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 21.106,27 euros para os contratos indefinidos e 15.934,69 euros para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 24.542,83 euros, distribuídos en 26.511,85 euros para os contratos indefinidos e 18.104,20 euros para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas en 2019 percibiron unhas retribucións un 19,25% menor que as dos homes (22,5% en 2017), diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 20,4% (24% en 2017). A pesar de ser altas as diferenzas o dato positivo e que se acortan as distancias.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2019 foi de 21.682,02 euros, fronte aos 26.934,38 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario

feminino de 19,5%. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza desfavorable para as mulleres chega ao 21,7%.

Cadro 5.42

Salario bruto anual por tipo de contrato (euros). 2019

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	24.527,67	27.192,49	18.345,06
Aragón	26.404,73	29.046,11	17.581,21
Asturias	28.481,75	31.281,97	20.336,35
Baleares	24.914,51	27.093,89	18.915,12
Canarias	22.082,69	23.934,02	17.581,94
Cantabria	25.795,43	28.232,23	17.845,18
Castela e León	24.665,79	27.026,58	17.596,03
Castela-A Mancha	23.494,17	25.604,65	18.181,87
Cataluña	28.956,38	31.610,52	19.213,52
C. Valenciana	24.499,53	26.881,54	17.511,31
Extremadura	21.823,73	24.021,92	16.026,16
Galicia	24.542,83	26.511,85	18.104,20
Madrid	30.530,89	33.009,13	18.718,62
Murcia	24.289,41	25.830,64	19.781,03
Navarra	30.564,90	33.653,16	20.342,83
País Vasco	32.529,17	35.672,89	21.938,16
A Ríoxa	25.342,99	27.372,69	17.747,33
España	26.934,38	29.539,81	18.565,62

Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	19.391,52	20.838,84	16.274,30
Aragón	20.360,25	21.636,65	16.607,47
Asturias	21.298,58	22.976,32	16.342,10
Baleares	21.631,07	22.798,40	18.420,63
Canarias	19.540,82	20.393,22	17.342,50
Cantabria	20.600,16	21.248,35	18.150,45
Castela e León	19.414,11	20.245,46	16.729,85
Castela-A Mancha	19.939,58	20.737,50	18.070,79
Cataluña	22.988,22	24.249,87	18.120,91
C. Valenciana	19.314,58	20.709,76	14.761,81
Extremadura	18.012,58	20.518,40	12.776,92
Galicia	19.818,26	21.106,27	15.934,69
Madrid	24.873,79	26.532,05	17.671,32
Murcia	19.431,25	20.327,33	17.115,33
Navarra	23.728,82	24.861,70	21.166,12
País Vasco	26.197,62	27.128,33	23.100,41
A Ríoxa	20.377,23	21.208,29	17.742,33
España	21.682,02	23.128,70	17.256,90

Fonte: INE, Enquisa anual de estrutura salarial.

5.9. Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo e Economía Social (MTES) para a elaboración deste apartado non están desagregados por CC.AA, polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas, imos utilizar tamén o informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019”.

O número de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de estatísticas laborais e de asuntos sociais do MTES, foi lixeiramente inferior

ao dos homes no nivel contributivo e superior no asistencial, existindo moita máis diferenza en renda activa de inserción e en programa de activación para o emprego.

415.846 (2019) e 911.830 (2020) mulleres percibiron prestación de nivel contributivo, fronte a 391.768 (2019) e 916.659 (2020) homes. É destacable a melloría nos datos das perceptoras de prestación contributiva polo que supón da súa orixe como traballadoras e cotizantes, non é unha prestación asistencial que non requira de cotizacións.

511.383 (2019) e 567.805 (2020) mulleres percibiron prestacións de nivel asistencial, fronte a 401.001 (2019) e 449.628 (2020) homes.

87.326 (2019) e 83.080 (2020) mulleres percibiron a renda activa de inserción, fronte a 53.647 (2019) e 45.842 (2020) homes.



En todas as CC.AA. o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 3.000 euros en 2019 fronte aos 3.226 dos homes. En Galicia a media anual chegou en 2019 aos 2.937 euros para as mulleres e aos 3.316 euros para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 379 euros anuais como media, acurtándose a distancia entre os dous colectivos.

Cadro 5.43

Prestación media anual. Segundo sexo e idade. España. 2016-2019

	2016		2017		2018		2019
Homes		Homes		Homes		Homes	
menor de 26 anos	2.024	menor de 26 anos	2.032	menor de 26 anos	2.088	menor de 26 anos	2.246
26 a 35 anos	2.681	26 a 35 anos	2.625	26 a 35 anos	2.697	26 a 35 anos	2.818
36 a 45 anos	3.064	36 a 45 anos	2.971	36 a 45 anos	2.981	36 a 45 anos	3.146
46 a 55 anos	3.175	46 a 55 anos	3.048	46 a 55 anos	2.949	46 a 55 anos	3.227
55 e máis anos	4.187	55 e máis anos	4.086	55 e máis anos	3.792	55 e máis anos	4.085
Total	3.179	Total	3.087	Total	3.126	Total	3.226
Mulleres		Mulleres		Mulleres		Mulleres	
menor de 26 anos	1.925	menor de 26 anos	1.959	menor de 26 anos	2.039	menor de 26 anos	2.133
26 a 35 anos	2.618	26 a 35 anos	2.604	26 a 35 anos	2.673	26 a 35 anos	2.788
36 a 45 anos	2.902	36 a 45 anos	2.865	36 a 45 anos	2.920	36 a 45 anos	3.013
46 a 55 anos	2.774	46 a 55 anos	2.746	46 a 55 anos	2.806	46 a 55 anos	2.911
55 e máis anos	3.702	55 e máis anos	3.623	55 e máis anos	2.537	55 e máis anos	3.664
Total	2.882	Total	2.850	Total	2.866	Total	3.000

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019.



Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 63 euros menos en 2019 que a media de España, empeorando a súa posición con respecto a outros anos. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España é de 90 euros máis.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 88,6% das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 11,4% menos.

Cadro 5.44

Percepcións medias de prestacións por desemprego. Por sexo e comunidade autónoma da persoa Galicia/España. 2018-2019

	Prestación media anual					
	2018			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	2.871	2.922	2.822	2.945	2.991	2.901
Aragón	2.979	3.102	2.865	3.116	3.272	2.974
Asturias	3.151	3.424	2.871	3.165	3.342	2.979
Baleares	2.700	2.773	2.631	2.853	2.912	2.799
Canarias	2.907	3.048	2.776	3.062	3.213	2.922
Cantabria	2.985	3.180	2.739	3.059	3.281	2.847
Castela e León	3.018	3.214	2.819	3.105	3.271	2.940
Castela-A Mancha	2.957	3.049	2.867	3.047	3.138	2.961
Cataluña	3.225	3.379	3.078	3.379	3.534	3.233
C. Valenciana	2.864	2.994	2.740	2.983	3.092	2.880
Extremadura	2.857	2.926	2.792	2.901	2.943	2.862
Galicia	3.015	3.216	2.823	3.120	3.316	2.937
Madrid	3.514	3.720	3.322	3.612	3.824	3.420
Murcia	2.735	2.835	2.629	2.843	2.940	2.742
A Rioxa	3.033	3.172	2.899	3.154	3.309	3.009
Ceuta	2.878	3.067	2.705	2.984	3.173	2.805
Melilla	2.838	3.035	2.642	2.996	3.142	2.854
España	3.004	3.126	2.886	3.109	3.226	3.000

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019.

Facendo unha análise da nacionalidade das persoas perceptoras, observamos que cando a nacionalidade é española a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior, chegando a percibir un 12% menos, mentres que, se a orixe é estranxeira, a diferenza redúcese ata un 5% menos.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións inferiores ás dos homes galegos (18,4% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás mulleres galegas, teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 11,8% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

Cadro 5.45

Poboación desempregada e prestacións medias por nacionalidade e sexo da persoa perceptora. Galicia/España. 2019-2020

	2019						2020					
	Persoas desempregadas			Prestación media anual			Persoas desempregadas			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes
España												
Española	3.796.140	1.981.227	1.814.913	3.042	2.914	3.181	3.827.080	2.020.852	1.806.228	3.150	3.032	3.281
Estranxeira	565.309	243.835	321.474	2.749	2.660	2.816	602.975	264.308	338.667	2.854	2.759	2.928
Galicia												
Española	210.820	108.603	102.217	3.035	2.838	3.244	211.716	110.419	101.297	3.144	2.953	3.352
Estranxeira	10.403	4.597	5.806	2.605	2.463	2.718	11.426	5.196	6.230	2.675	2.603	2.735

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensiones en las fuentes tributarias.

5.10. Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo MTES nas estatísticas do Anuario de estatísticas laborais do 2020.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O número de pensionistas mulleres (4.325.696 en 2020) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes (4.553.141), mentres que en Galicia é lixeiramente superior: 411.658 mulleres e 354.218 homes. É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 77,6% do total das pensións do grupo de homes, no grupo de mulleres só alcanzan un 49,9%, mentres que as de viuvez son percibidas por mulleres no 90% dos casos e estas pensións supoñen o 40,5% do total das pensións femininas.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que en Galicia as pensións percibidas polas mulleres en 2020 son 370,96 euros menos que as dos homes, ou o que é o mesmo, un 34,8% menores (mulleres: 695,37 euros; homes: 1.066,33 euros), importes inferiores aos anteriores. Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 414,41 euros menos que un home, un 35,6% menos, hai un pequeno empeoramento sobre o ano anterior.

As pensións de viuvez e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

Cadro 5.46

**Pensión contributivas e importe medio e pensionistas
segundo clase, por sexo. Galicia. 2020**

	Importe medio En euros/mes	Número de pensionistas
Homes	1.066,33	354.218
Incapacidade permanente	943,84	45.677
Xubilación	1.164,41	275.061
Viuvez	431,30	18.546
Orfandade	405,54	12.475
En favor de familiares	512,02	2.459
Mulleres	695,37	411.658
Incapacidade permanente	795,00	24.017
Xubilación	750,00	205.637
Viuvez	636,42	166.934
Orfandade	408,08	10.875
En favor de familiares	537,67	4.195
Ambos os dous sexos	866,94	765.880
Incapacidade permanente	892,54	69.695
Xubilación	987,13	480.700
Viuvez	615,91	185.481
Orfandade	406,72	23.350
En favor de familiares	528,19	6.654

Fonte: IGE 2020.

Se a análise a realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA, apreciamos que no colectivo de mulleres o número de pensións en tramos inferiores á pensión media ou que chegan a ela e do 26%, mentres que no grupo de homes alcanzan o 16,3% de perceptores en 2019. Na mesma liña so hai 6.472 mulleres coas pensións máis altas fronte a 21.172 homes.

Os datos de Galicia son similares con 28,8% de mulleres en tramos inferiores a pensión media fronte a un 6,8% de homes.

Cadro 5.47

Pensionistas, percepcións de pensións medias por sexo e tramo de pensión. España. 2019

	Total			Homes			Mulleres		
	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual
Total	9.326.584	1,13	15.722	4.676.384	1,14	18.249	4.650.200	1,12	13.181
De 0 a 0,5 PM	523.397	1,04	2.246	205.910	1,03	2.176	317.487	1,05	2.284
De 0,5 a 1 PM	1.454.720	1,07	6.743	566.458	1,06	6.874	898.262	1,07	6.662
De 1 a 1,5 PM	3.407.669	1,04	10.424	1.420.184	1,03	10.785	1.987.485	1,05	10.166
De 1,5 a 2 PM	1.158.753	1,10	15.591	653.753	1,08	15.645	505.000	1,13	15.521
De 2 a 2,5 PM	826.076	1,13	20.133	501.789	1,12	20.173	324.284	1,18	20.071
De 2,5 a 3 PM	536.240	1,20	24.576	344.978	1,18	24.612	191.262	1,23	24.511
De 3 a 3,5 PM	368.638	1,26	29.176	261.914	1,22	29.190	106.724	1,35	29.140
De 3,5 a 4 PM	404.612	1,32	33.611	263.838	1,28	33.669	140.774	1,39	33.501
De 4 a 4,5 PM	479.160	1,30	37.431	341.302	1,25	37.402	137.858	1,43	37.501
De 4,5 a 5 PM	63.467	2,09	42.452	47.232	2,05	42.457	16.235	2,21	42.437
De 5 a 7,5 PM	76.211	2,27	52.524	57.854	2,26	52.541	18.357	2,29	52.470
Más de 7,5 PM	27.644	2,52	118.126	21.172	2,51	121.339	6.472	2,53	107.614

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019.

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019".

Cabe sinalar que se ben en Galicia o número de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior lixeiramente no colectivo feminino (51,45% en 2019), non o son os importes das pensións recibidas, xa que a diferenza chega a un 26,85% menos. No total das CC.AA. o número de mulleres pensionistas chega ao 49,8% e os importes das pensións son dun 27,8% menos que as dos homes.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2019 os 11.819 euros fronte aos 16.159 euros dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 73,1% do importe da pensión masculina ou, o que é o mesmo, un 26,9% menos, o que supón unha significativa diferenza (4.340 euros menos ao ano).

A muller galega tamén está en desvantaxe se comparamos a súa pensión media coa das mulleres do resto de CC.AA, con 1.362 euros menos en 2019.

As pensións das mulleres galegas ocupan os lugares máis baixos, despois de Estremadura e Castela-A Mancha, empeorando a súa posición en relación a anos anteriores.

Cadro 5.48

Pensión media anual por comunidades autónomas e sexo. Exercicio 2018-2019

	2018			2019		
	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes
Andalucía	13.423	11.244	15.553	14.224	12.075	16.337
Aragón	15.809	12.646	18.766	16.725	13.636	19.643
Asturias	17.829	13.252	22.060	18.824	14.330	23.005
Baleares	14.382	12.132	16.717	15.112	12.872	17.467
Canarias	13.192	11.315	15.062	13.923	12.123	15.729
Cantabria	15.708	12.637	18.666	16.591	13.569	19.513
Castela e León	14.908	12.210	17.265	15.756	13.069	18.126
Castela-A Mancha	13.242	10.996	15.002	13.996	11.775	15.759
Cataluña	16.046	12.095	19.028	16.834	14.130	19.766
C. Valenciana	13.849	11.501	16.177	14.645	12.315	16.973
Estremadura	12.224	10.620	13.633	13.001	11.424	14.397
Galicia	13.122	10.985	15.392	13.926	11.819	16.159
Madrid	18.416	14.913	22.033	19.143	15.829	22.592
Murcia	13.299	11.011	15.504	14.221	11.950	16.403
A Rioxa	14.785	12.316	17.054	15.667	13.195	17.954
Ceuta	14.802	11.501	18.328	15.653	12.335	19.091
Melilla	13.993	11.388	17.183	14.874	11.858	18.151
Total	14.917	11.054	17.486	15.722	13.181	18.249

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2019